

DOBRES TITULACIÓNS INTERNACIONAIS FCEE

DOBRE TITULACIÓN: Grao en Administración y Dirección de Empresas (ADE) + Bachelor International Studies in Management (ISM)

A Hochschule Bielefeld University of Applied Sciences and Arts (en lo sucesivo HSBI) no su centro de BIELEFELD SCHOOL OF BUSINESS at HOCHSCHULE de Alemaña e a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (no sucesivo FCEE) da Universidade de Vigo asinaron un acordo de cooperación interinstitucional, mediante o cal o estudiantado de Administración e Dirección de Empresas da poderán obter dúas titulacións: Bachelor International Studies in Management pola Hochschule Bielefeld University of Applied Sciences and Arts e Grao en Administración e Dirección de Empresas pola Universidade de Vigo.

Trátase dun acordo entre universidades co obxectivo de que o estudiantado de ambas institucións BIELEFELD SCHOOL OF BUSINESS at HOCHSCHULE e Facultade de Ciencias Eocnomicas e Empresariais de Vigo, tras un período de intercambio no seu último ano de estudos, poidan obter o título académico oficial impartido por ambas institucións.

O estudiantado deberá realizar a matrícula do correspondente curso académico na Universidade de Vigo, como en cursos anteriores, pagando unicamente as taxas administrativas na HSBI. É imprescindible facer o contrato de estudos ao longo do segundo semestre do terceiro curso).

Número de prazas ofertadas ADE: 5

Período de estudo: Dous semestres (1 ano), correspondentes ao derradeiro curso do grado durante o cal o alumnado deberá

facen un total de 60 créditos ECTS en Bielefeld e, ademais e simultaneamente, o/a estudante debe realizar o TFG na UVigo durante ese curso para completar o curso (12 ECTS).

ADE + ISM: Materias a cursar

A continuación, indícanse as materias -obrigatorias e optativas- que o estudiantado da FCEE precisa cursar, e superar, para obter a dobre titulación internacional:

- As materias de carácter **obrigatorio** son as seguintes:
 - ✓ En Bielefeld: 30 ECTS (5 das seguintes materias)
 1. International Human Resource Management and International Business Law (6 ECTS)
 2. International Marketing (6 ECTS)
 3. Data Analytics and Computational Finance (6 ECTS)
 4. Starting a Business – Business Project (6 ECTS)
 5. Market Research (6 ECTS), **ou** Marketing aplicado- Investigación comercial (6 ECTS)
 - ✓ En Vigo: **12 ECTS**
 6. Traballo de Fin de Grao (12 ECTS).
- Ademais, o estudiantado deberá realizar unha selección das **materias optativas** (30 ECTS) da oferta do programa do ISM en inglés ou alemán.

* Esta oferta académica será susceptible de cambios se a universidade se vise obrigada a eliminar algunha das materias que agora se imparten.

INDICACIÓNS XERAIS DOBRES TITULACIÓNS

A quen vai dirixido e cando se solicita?

O estudante debe SOLICITALO mentres está a cursar 3º de ADE/ECO na FCEE.

- En novembro/décembro, deberá presentarse á convocatoria Erasmus solicitando a HSBI como destino.
- Será preseleccionado pola Universidade de Vigo e deberá seguir todos os procedementos de igual modo que se se tratase doutro destino Erasmus.

Cales son as datas exactas nas que finaliza e inicia o programa?

- O programa transcorrerá durante o cuarto curso e rexeráse seguindo o calendario académico da HSBI.

Cales son os requisitos académicos previos?

- Ter superados 60 créditos ECTS na UVigo para poder aplicar á convocatoria
- Ter un nivel adecuado de inglés (non inferior a B2).
- No caso de que se cursen materias en HSBI no idioma local, debe demostrar un nivel mínimo de B1 de alemán se quíeren elixir materias en alemán

Cantas prazas hai dispoñibles?

- O número de prazas anuais para a obtención da dobre titulación internacional é de 5 estudantes de ADE (non intercambiábeis coas prazas ofertadas en Economía).

Cales son os criterios de selección?

Os estudantes serán seleccionados e admitidos no programa en base aos seus resultados académicos, á súa motivación e ás súas destrezas lingüísticas. Este proceso de selección levarase a cabo en colaboración entre as dúas institucións.

- A selección faise por concorrencia competitiva

Que pasa se teño materias pendentes, podo ir igual?

- O alumnado debe ter superados un mínimo de 60 ECTS (correspondentes aos dous primeiros cursos da súa titulación na UVIGO) para realizar o cuarto curso na HSBI.

Cal é o idioma empregado nas distintas materias?

As materias impartiranse en inglés.

Cales son os meus dereitos e obrigas como estudante durante a realización do programa?

O estudiantado da dobre titulación estará suxeitos ás normas e regulamentos da HSBI e terán os mesmos dereitos e obrigas dos que gozan os demais estudantes matriculados na mesma.

Poderei recibir algún tipo de bolsa ou axuda durante este curso?

Ao estar matriculado na Universidade de Vigo, o estudiantado poderá solicitar a Bolsa MEC correspondente ao curso académico, como nos anos anteriores. Ademais, poderá solicitar a bolsa Erasmus + no mesmo curso académico.

Podo irme de Erasmus en terceiro e solicitar este programa en cuarto?

Non, xa que a bolsa Erasmus + só será concedida por un máximo dun curso académico.

Con quen debo de contactar en caso de dúbidas?

Na web da FCEE están dispoñíibles os convenios establecidos. No caso de dúbidas, podes consultar o apartado de Preguntas Frecuentes dos intercambios internacionais da FCEE.

Se ademais desexas contactar con algún dos **responsables**. As persoas encargadas tanto dos aspectos académicos como de

coordinación do programa de dobre titulación internacional
son:

Carmen Otero Neira

Vicedecana de relacións internacionais FCEE

rifcee@uvigo.gal

Eika Auschner

eika.auschner@hsbi.de

Nermin Karaoglu

Faculty Coordinator for International Activities

nermin.karaoglu@hsbi.de